



Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

AO PLENO DA CORPORACIÓN

O Grupo Municipal da Marea Atlántica, a través da súa voceira, María García Gómez, e ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña, presenta a seguinte **MOCIÓN SOBRE O BARRIO DE MONTE ALTO E OS SEUS EQUIPAMENTOS DE PROXIMIDADE.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Monte Alto é un barrio emblemático da cidade, que ten a condición de lugar céntrico, próximo ao casco histórico, e tamén periférico, no sentido das relacións de proximidade e o modelo de convivencia que existe no barrio. É un barrio que esperta un intenso sentimento de pertenza entre a veciñanza que é un dos seus baluartes, unha veciñanza cun grande espírito crítico para esixir as melloras que o barrio precisa.

Pola súa topografía e por ser un barrio moi densamente poboado, unha das principais demandas veciñais é a mellora da accesibilidade. A entidade veciñal identifica a rúa Marconi e o cruzamento coa rúa Mondoñedo como dúas vías que requien atención preferente.

O mantemento e mellora de zonas verdes é outra demanda recorrente, fundamentalmente no parque Carlos Casares e o Campo de Marte, centros neuráxicos da vida ao aire libre no barrio. O ENIL da Torre de Hércules foi declarado provisionalmente espazo protexido, e está pendente do Plan de Conservación para a súa protección definitiva.

Unha das infraestruturas de proximidade clave no barrio é o seu mercado e a praza que o conforma. Nun mesmo espazo atópanse a escola infantil municipal, o mercado de abastos e unha praza aglutinadora da vida social. O proxecto de rehabilitación suporá unha mellora dos equipamentos, pero tamén do espazo público, da accesibilidade e da mobilidade na contorna. O proceso realizouse man a man coas praceiras e os praceiros, co persoal da escola infantil e coas entidades sociais e veciñais, e recibiu financiamento europeo dos fondos DUSI.

Coas obras próximas a licitarse, as praceiras e usuarias do mercado demandan información: Cando ten previsto o goberno municipal que comece a rehabilitación? Cal será a ubicación que terán as praceiras e os praceiros mentres duren os traballos?



Nun dos equipamentos que máis tempo leva reclamando esta obra, a Escola Infantil Municipal de Monte Alto, o seu persoal padece as filtracións e humidades do edificio e ademais os problemas económicos derivados dunha contrato antigo que pon en perigo a concesión. Este equipamento, integrado no conxunto urbano que conforman praza e mercado, ten un proxecto educativo singular moi vencellado á alimentación saudable e de proximidade e está plenamente integrado no barrio. Mentres a obra de reforma integral da praza non se realice e a EIM non conte cunha nova ubicación, o equipo reclama unha serie de melloras básicas para continuar realizando o seu importante labor con normalidade.

Así mesmo, existe unha reclamación no barrio da necesidade de buscar unha solución aos problemas que xeran os talleres de reparación e chatarra que existen nas inmediacións da Torre de Hércules. Piden que se busque unha solución aos problemas de verteduras, mantemento e salubridade que provocan nunha contorna de alto valor natural e patrimonial.

Por todo o anterior, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1.- Instar ao Goberno Municipal a comunicar tanto ás praceiras e os praceiros de Monte Alto como á veciñanza no seu conxunto o estado do proceso de rehabilitación do mercado e a reubicación temporal que terán os postos mentres duren as obras.
- 3.- Instar ao Goberno Municipal a realizar as intervencións básicas para evitar as filtracións que se siguen producindo na escola infantil, mentres non se realiza a intervención do tellado que está aprobada.
- 4.- Instar ao Goberno Municipal a estudar a implantación dun vado temporal para as familias que teñen as súas crianzas na EIM de Monte Alto.
- 5.- Instar ao Goberno Municipal a estudar a implantación de bolsas comedor para as Escolas Infantís Municipais.
- 6.- Instar ao Goberno Municipal a realizar melloras da accesibilidade e da mobilidade peonil na rúa Marconi e o cruce coa rua Mondoñedo.



7.- Instar ao Goberno municipal a realizar regularmente o mantemento dos parques e das zonas verdes do barrio de Monte Alto, nomeadamente do Campo de Marte e o parque Carlos Casares

8.- Instar ao Goberno Municipal a continuar mellorando a contorna da Torre de Hércules, xa declarada oficialmente Espazo Natural de Interese Local, e elaborar un Plan de Conservación que inclúa a erradicación de verteduras na área dos talleres de reparación.

A Coruña, 1 de marzo de 2020.

María García Gómez
Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica